

## As cortes do Museo Fortaleza de San Paio de Narla

M.ª del Rosario Fernández González


**Resumo:** na sala correspondente ás primitivas cabalerizas do Museo Fortaleza de San Paio de Narla pode contemplarse unha curiosa colección de pezas relacionadas cos medios de transporte humano. Nelas pódense establecer dúas tipoloxías: as de tracción humana e as tiradas por animais.

**Resumen:** En la sala correspondiente a las primitivas caballerizas del Museo Fortaleza de San Paio de Narla se puede contemplar una curiosa colección de piezas relacionadas con los medios de transporte humano. En ellas se pueden establecer dos tipologías: las de tracción humana y las tiradas por animales.

**Summary:** In the room for the primitive stables Fortress Museum of San Paio Narla you can see a curious collection of materials relating to the means of human transport. They can establish two types: the human-powered and pulled by animals.

### Transporte por tracción humana

Nas antigas cortes do Museo Fortaleza de San Paio de Narla atópase unha curiosa colección de pezas usadas ao longo do tempo para transportar persoas. O conxunto pode dividirse en dúas tipoloxías: unha de tracción humana e a outra tirada por animais. A tracción humana foi usada dende as primeiras civilizacións para trasladar a xente de clases privilexiadas dun lugar a outro. Así, por exemplo, os romanos usaron a *lectica*, especie de leito onde o individuo ía recostado e trasladábanlo catro porteadores.



Lectica romana

No mundo oriental tamén usaron este tipo de transporte e chamárono palanquín na China e mais na India.

#### Palanquín chinés

Estas formas foron evolucionando ata chegar á cadeira de man que tivo a súa idade dourada nos séculos XVII e XVIII e da que nesta sala podemos contemplar un fermoso exemplar. Empregábase este tipo de transporte para o traslado de xentes en distancias curtas xa que permitía o xiro fácil en grandes cidades con cascos históricos de rúas estreitas coma as de Londres, París ou Madrid. A finalidade do uso deste tipo de utensilio era eminentemente práctica xa que hai que pensar nas incomodidades da ausencia de sumidoiros na capital, pero tamén serviron como símbolo de status xa que non todo o mundo se podía permitir o luxo de contar entre as súas posesións con pezas deste tipo. Así, a xente adiñeirada asistía nelas a concertos e recepcións en residencias privadas. Estendeuse tamén o seu uso entre o clero, sendo moi habitual usalas para administrar a extremaunción. Asemade, foron usadas para o traslado de enfermos. Co paso do tempo fixose este transporte tan común que se alugaban ao modo dos actuais taxis.



Palanquín chinés

#### Placa de parada de cadeira de man do concello de Madrid

Os transportadores debían levar sempre visibles unhas correas de cor azul postas aos ombros que servían coma distintivo de que ese era un transporte público.



Placa concello de Madrid

#### Cadeira de man



#### Transporte por tracción animal

Cando as distancias eran maiores non se podía empregar a cadeira de man xa que era moi fatigoso e nese caso usábase a **cadeira de liteira**. Aínda que a forma é similar, as dimensións son maiores que as das cadeiras de man e esta era tirada por mulas colocándolle unhas andas nas correas das bestas.

#### Cadeira de liteira



Cadeira de liteira

Neste tipo de pezas fixose cotiá decoralas con ricas policromías e teas exóticas coma veludos, sedas, brocados ou damascos, nun intento de amosar a riqueza do posuidor do transporte que ata ese momento quedaba fóra do ollo alleo nas residencias privadas. Todo isto obrigou á Corte a editar numerosas pragmáticas contra o luxo nas que se limitaba toda esa ostentación.

O Museo de San Paio de Narla tamén ten, entre o seus fondos, nove cadeiras de montar a cabalo. Cinco son xamugas para montar á amazona (para uso feminino), unha é de neno e as outras tres son de home e proceden de Hispanoamérica.

Dende a Prehistoria o home empregou o cabalo, nun primer momento só coma alimento pero xa na Idade do Bronce tamén coma instrumento de traballo. Durante a Idade Antiga foi fundamental na guerra e no Medievo os cabaleiros entrenábaos para o combate. Entre guerra e guerra ou en tempos de paz os cabalos empregábanse para torneos ou xustas.

O desenvolvemento tecnolóxico propio dos séculos XVIII e XIX provocou que o cabalo coma ferramenta de traballo fora substituído por vehículos e máquinas, quedando o uso deste animal case exclusivo para o transporte e o deporte e divertimento.

## A colección

### Cadeiras de man e liteira



**N.º Inventory:** 1023

**Clasificación xenérica:** transporte humano

**Obxecto:** cadeira de man “de crego”

**Materia:** madeira, tea de algodón e ferro

**Técnica:** Talla e forxa

**Medidas:** alto: 141 cm ancho: 84 cm fondo: 62 cm

**Cronoloxía:** S.XIX

**Procedencia:** doazón de Juan López Suárez

**Descripción:** cadeira de man composta por unha caixa de madeira dotada de asas nos costados para introducir nelas unhas longas varas polas que os porteadores transportaban a peza. A madeira está policromada e dourada con motivos vexetais e heráldicos (cordóns de crego). No interior posúe un asento para unha persoa. As dúas fiestras levaban cristais escamoteables.



**N.º Inventory:** 968

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** cadeira de liteira

**Materia:** madeira de castiñeiro, chopo, coiro, lenzo, veludo e ferro.

**Técnica:** talla, curtido e forxa

**Medidas:** alto: 150 cm ancho: 146 cm fondo: 77 cm

**Cronoloxía:** S.XVIII

**Procedencia:** doazón de Luis Fernández Pimentel. Procede do Pazo de Ribas de Sober (Lugo)

**Descripción:** cadeira de liteira composta por unha caixa de madeira dotada de asas nos costados para introducir nelas unhas longas varas que descansaban nas mulas que transportaban a peza. A madeira está policromada e dourada con motivos florais

e heráldicos (aparecen as armas dos Gaioso, Montenegro, Sánchez, Amago, Losada e Saavedra). O teito é de madeira cuberto por unha capota de coiro que remata en cravos de tipo “gorro de chinés”. No interior posúe asentos para dúas persoas. As fiestras levaban cristais escamoteables.

### Cadeiras de montar a cabalo



**N.º Inventory:** 623

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** Xamúa

**Materia:** madeira, coiro e metal

**Técnica:** Talla, curtido e forxa

**Medidas:** alto: 35 cm ancho: 53 cm fondo: 59 cm

**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descripción:** cadeira de montar a cabalo feminina. A muller acostumaba montar de lado, non escarranchada xa que se consideraba unha postura máis decorosa para unha dama e porque a indumentaria ata as primeiras décadas do S.XX estaba composta de longas saias formadas por toda clase de instrumentos para darles volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

Esta peza soamente conserva a armazón de madeira, faltándolle o tapizado. Ten o respaldo, as varas curvas co que a cadeira se adaptaba á besta e tamén a carriola que facilitaba a monta.



**N.º Inventory:** 431

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** xamúa

**Materia:** madeira de caoba, coiro e metal

**Técnica:** talla, curtido e claveteado

**Medidas:** alto: 61 cm ancho: 48,5 cm fondo: 54 cm

**Cronoloxía:** S.XVIII

**Procedencia:** Baños de Salas (Ponferrada). Doazón de Jaime Núñez.

**Descripción:** cadeira de montar a cabalo feminina. A muller acostumaba montar de lado, non escarranchada xa que se consideraba unha postura máis decorosa para unha dama e porque a indumentaria ata as primeiras décadas do S.XX estaba composta de longas saias formadas por toda clase de instrumentos para darles volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

lle volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

Esta peza soamente conserva a armazón de madeira, cuberto por apliques en metal amarelo. Ten o respaldo, as varas curvas co que a cadeira se adaptaba á besta e tamén a carriola que facilitaba a monta. Faltálle o tapizado.



**N.º Inventario:** 430

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** xamúa

**Materia:** madeira, coiro, metal e lenzo

**Técnica:** talla, curtido e claveteado

**Medidas:** alto: 78 cm ancho: 55 cm fondo: 59 cm

**Cronoloxía:** S.XVIII

**Procedencia:**

**Descripción:** cadeira de montar a cabalo feminina. A muller acostumaba montar de lado, non escarrancheda xa que se consideraba unha postura máis decorosa para unha dama e porque a indumentaria ata as primeiras décadas do S.XX estaba composta de longas saias formadas por toda clase de instrumentos para darles volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

Esta peza soamente conserva a armazón de madeira. Ten o respaldo, as varas curvas co que a cadeira se adaptaba á besta e tamén a carriola que facilitaba a monta. Faltálle o tapizado.



**N.º Inventario:** 429

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** xamúa

**Materia:** madeira, coiro, metal e lenzo

**Técnica:** talla, curtido, claveteado e bordado

**Medidas:** alto: 49 cm ancho: 54 cm aondo: 49 cm

**Cronoloxía:** S.XIX

**Procedencia:** Valdecarros (Salamanca)

**Descripción:** cadeira de montar a cabalo feminina. A muller acostumaba montar de lado, non escarrancheda xa que se consideraba unha postura máis decorosa para unha dama e porque a indumentaria ata as primeiras décadas do S.XX estaba composta de longas saias formadas por toda clase de instrumentos para darles volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

Esta peza é diferente ás anteriores, cunha forma trapezoidal que pecha a cadeira polo anverso e o reverso. Sobre unha armazón de madeira, cúbrese o obxecto con coiro e no asento ademais cunha tea bordada con *petit-point* en tons vermellos, facendo motivos florais e vexetais. Na parte frontal da cadeira aparecen as iniciais da dona da peza J.A.



**N.º Inventario:** 426

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** xamúa

**Materia:** madeira e coiro

**Técnica:** talla e curtido

**Medidas:** alto: 62 cm ancho: 48 cm fondo: 64 cm

**Cronoloxía:** S.XX

**Procedencia:**

**Descripción:** cadeira de montar a cabalo feminina

A muller acostumaba montar de lado, non escarrancheda xa que se consideraba unha postura máis decorosa para unha dama e porque a indumentaria ata as primeiras décadas do S.XX estaba composta de longas saias formadas por toda clase de instrumentos para darles volume interior como miriñaques, polisóns ou crinolinas, o que imposibilitaba a monta de cara ó vento.

Esta peza é o prototipo de cadeira inglesa para montar á amazona. Consta de dúas cornetas onde se colocan as pernas que caen ao lado esquierdo. Na corneta superior colócase a perna dereita e a corneta de salto, a inferior, cúrvase cara á perna esquerda.

O faldón é mais pronunciado na sinistra, onde van colocadas as dúas pernas.



**N.º Inventario:** 425

**Clasificación xenérica:** transporte animal

**Obxecto:** cadeira de montar charra

**Materia:** madeira, coiro e metal

**Técnica:** talla, curtido e forxa

**Medidas:** alto: 62 cm ancho: 48 cm aondo: 64 cm

**Cronoloxía:** finais S.XIX-Pcp. S.XX

**Procedencia:** Fustería Fructuoso Ochoa. Puente Puebla. México.

**Descripción:** a cadeira de montar charra provén da española. É unha peza pesada pero moi cómoda tanto para o xinete como para o animal que a leva. Componse dun fuste ou esqueleto de madeira no que sobresae unha cabeza ou pomo que é a parte que caracteriza este tipo de cadeiras. Esa cabeza pode ser de tres tipos: Saldivar, Bola ou Media Cebola. A deste exemplar é do tipo Saldivar, usada para a reata ou soga de lazar. As outras dúas tipoloxías empréganse nas cadeiras de gala. O remate da cadeira é de cola de parrulo.



N.º Inventario: 427

Clasificación xenérica: transporte animal

Obxecto: cadeira de montar charra para neno

Materia: madeira, coiro, e metal

Técnica: talla, curtido e forxa

Medidas: alto: 28 cm ancho: 25 cm fondo: 51 cm

Cronoloxía: finais S.XIX-Pcp. S.XX

Procedencia: México

Descripción: a cadeira de montar charra provén da española. É unha peza pesada pero moi cómoda tanto para o xinete como para o animal que a leva. Componse dun fuste ou esqueleto de madeira no que sobresae unha cabeza ou pomo que é a parte que caracteriza este tipo de cadeiras.

Esa cabeza pode ser de tres tipos: Saldivar, Bola ou Media Cebola. A deste exemplar é do tipo Saldivar, usada para a reata ou soga de lazar. As outras dúas tipoloxías empréganse nas cadeiras de gala. O remate da cadeira é de cola de pato forrado con pel de crocodilo.



N.º Inventario: 424

Clasificación xenérica: transporte animal

Obxecto: cadeira de montar de neno

Materia: madeira, veludo, e metal

Técnica: talla, forxa e tapizado

Medidas: alto: 31 cm ancho: 43 cm fondo: 30 cm

Cronoloxía: S.XIX

Procedencia: Valencia

Descripción: pequena cadeira infantil con sinxela armazón de madeira cuberta con veludo vermello e apliques tachonados e placas caladas de metal amarelo nas costas formando motivos vexetais.



N.º Inventario: 428

Clasificación xenérica: transporte animal

Obxecto: cadeira de montar uruguai

Materia: madeira, coiro, e metal

Técnica: talla, curtido e forxa

Medidas: alto: 36 cm ancho: 38 cm fondo: 60 cm

Cronoloxía: S.XX

Procedencia: "Talabartería y Comillería de Serafín Magnoni". Montevideo. Uruguai.

Descripción: cadeira de montar uruguai de liñas sinuosas moi sinxelas: un fuste de coiro sen cabeza e cun remate a modo de respaldo ou borden. O frontal está ricamente decorado cun aprixe de metal branco en forma de "v" invertido, no que aparecen as iniciais do propietario: J.R.